

2023


*Regulamento do Concurso
Morfológico Oficial do cavalo de
Pura Raza Galega*



REGULAMENTO DOS CONCURSOS MORFOLÓXICOS OFICIAIS DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA

INTRODUCCIÓN:

Desde as súas orixes, a Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA) tivo como un dos seus obxectivos centrais a valoración da nosa raza coma un ben zotécnico, económico, cultural e medioambiental. A conservación deste patrimonio xenético implica a mellora da calidade dos produtos das ganderías e o recoñecemento desta calidade plásmase na realización dos concursos morfolóxicos. Á indubidable beleza destes animais xúntaselle o recoñecemento por parte do público e do resto das ganderías cara aos mellores exemplares de cada ano. Coa finalidade de seguir traballando na mellora da raza, do seu recoñecemento e cun fondo compromiso pola súa conservación e para asentar as directrices dos concursos oficiais do Campionato Morfolóxico de Cabalos e Eguas de Pura Raza Galega, PURAGA elaborou o presente regulamento.





qa

CAPITULO I: DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1.º: Concurso Morfolóxico

Defínese como concurso morfolóxico aquela competición aberta de ganderías e exemplares inscritos no Libro Xenealóxico de cabalos e eguas de pura raza galega (en adiante PRG) que reúnan as condicións establecidas na *Orde do 4 de abril do 2001, Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Xunta de Galicia, caracterizadoras do prototipo racial* e que cumpra as normas do presente regulamento.

Artigo 2.º: Validez para a puntuación no campionato oficial galego

Únicamente os resultados dos concursos morfolóxicos que se fixeran segundo o presente regulamento, e foran incluídos no programa de concursos oficiais publicado por PURAGA, serán valedores para o campionato galego de cabalos e eguas PRG.

Artigo 3.º: Finalidade do regulamento

O presente regulamento ten por finalidade establecer un protocolo na organización de concursos morfolóxicos de cabalos e eguas PRG establecendo a súa organización correcta.

Artigo 4.º: Finalidade dos Concursos

A finalidade dos concursos morfolóxicos son as seguintes:

1. Valorar a raza PRG como un ben en si mesma dándoa a coñecer, fomentando a súa cría en pureza racial e contribuíndo ao seu recoñecemento social e deportivo.
2. Seleccionar os mellores produtos das ganderías criadoras.
3. Facilitar a comercialización e publicitación dos exemplares e as súas características destacables.
4. Escolmar animais con características salientables para o seu ingreso no Rexistro de Méritos do Libro Xenealóxico.

Artigo 5.º: Clasificación dos concursos

Os concursos morfolóxicos clasifícanse segundo a súa oficialidade:

1. Concursos Morfolóxicos Oficiais
2. Concursos Morfolóxicos Non Oficiais

Dentro dos concursos Morfolóxicos Oficiais existen tres seccións ou categorías:

Sección Sementais: poderán participar nesta categoría os cabalos enteiros con máis de tres anos ou que cumpran os tres anos durante o ano en curso, que estén rexistrados no Libro Xenealóxico da raza e cumpran cos requisitos contemplados neste regulamento.

Sección Eguas: poderán participar nesta categoría as eguas con máis de tres anos ou que cumpran os tres anos durante o ano en curso, que estén rexistradas no Libro Xenealóxico da raza e cumpran cos requisitos contemplados neste regulamento.



Sección Poldros e Poldras: poderán participar nesta categoría os exemplares, tanto machos enteiros como femias, que aínda non teñan cumpridos os tres anos, que estén rexistrados no Libro Xenealóxico da raza e cumpran cos requisitos contemplados neste regulamento

Artigo 6.º: Concurso Morfolóxico Oficial

Considérase un Concurso Morfolóxico Oficial todo aquel concurso que, seguindo as indicacións do presente regulamento, sexa incluído no calendario de concursos oficiais e puntúe para o Campionato Galego Oficial de PURAGA.

En cada Concurso Oficial, incluída a Final, otorgaráselle unhas puntuación a cada participante segundo a súa clasificación.

Para optar ao Campionato Galego Oficial, o exemplar ten que participar como mínimo en **tres probas** oficiais ademais da Final, que será **obrigatoria** para poder proclamarse como Campión ou Campiona Galega. No caso de que se cancelen probas durante o ano, será PURAGA quen decidirá a porcentaxe mínima de participación e validez das mesmas, sendo obrigatorio a celebración dunha final e a participación na mesma.

As puntuacións, segundo a clasificación obtida será a seguinte:

Clasificación	Puntuación Concurso	Puntuación FINAL
1º	15 puntos	30 puntos
2º	12 puntos	24 puntos
3º	11 puntos	22 puntos
4º e seguintes	8 puntos	16 puntos

A puntuación total para a clasificación no Campionato Galego Oficial obteráse segundo a seguinte fórmula:

$$Puntuación\ total = \frac{Suma\ das\ puntuación\ obtidas\ nos\ concursos\ oficiais}{n^\circ\ de\ concursos\ realizados} + Puntuación\ da\ FINAL$$

O exemplar con máis puntos na “Puntuación total” será proclamado como CAMPIÓN ou CAMPIONA GALEGA.

Artigo 7.º: Concurso Morfolóxico Non Oficial:

É todo aquel concurso que non fora incluído no calendario publicado por PURAGA, onde a Asociación de criadores do cabalo de Pura Raza Galega non organiza e tampouco se rixe por este regulamento. Polo tanto tampouco puntuaría para o Campionato Galego de concursos morfolóxicos de cabalos e eguas PRG.



CAPITULO II: ESTRUCTURA FUNCIONAL E INTERNA

ARTIGO 8.º: Comité Organizador

Art. 8.1: Definición: é o último responsable da dirección, xestión e administración dun concurso morfolóxico. Será variable segundo a dimensión e categoría do concurso.

Art. 8.2: Composición: o Comité Organizador estará composto por un presidente/a, un/unha comisario/a, un/unha xefe/a de pista e un número variable de vogais. En función das necesidades e categoría do concurso, algúns destes cargos poderán recaer na mesma persoa, sempre repectando as funcións dos diferentes membros segundo se dispón no artigo 9 do presente regulamento.

Artigo 9.º: Funcións de cada un dos membros do comité organizador

Art. 9.1: O/A presidente/a: máximo responsable do certame. Formalizará e executará as funcións do comité, respecto ás cuestións que se sometan á súa consideración. Nas votacións gozará de voto de calidade.

Art. 9.2: O/A comisario/a do concurso: responsable da parte técnica do concurso, do cumprimento do regulamento e máis concretamente de:

1. Comprobar as condicións das instalacións que deben de ser acordes á categoría do concurso.
2. Situar e delimitar a pista de presentación.
3. Velar pola identificación correcta dos exemplares que hai que cualificar.
4. Facer cumprir aos participantes as indicacións dos xuíces.

Art. 9.3: O/A xefe/a de pista: correspóndenlle as seguintes funcións:

1. Verificar a identidade dos animais.
2. Comprobar a numeración e nomes dos exemplares.
3. Vixiar a orde á entrada e saída da pista.
4. Velar polo cumprimento das normas relativas á presentación.

Art. 9.4: Os/As vogais: poden existir tantos como considere o Comité Organizador, coas funcións que este lles asigne.

Artigo 10.º: Funcións xenéricas do Comité Organizador

Os/As membros do Comité Organizador, ademais dos labores xa asignados, repartiranse as seguintes funcións:

1. Elaborar o programa do concurso, con data e lugar, datas de recepción e prazos de inscrición, características das inscricións, premios e trofeos.



2. Computar os resultados finais das valoracións dos xuíces.
3. Solicitar os permisos precisos para a realización do certame e informar dos requisitos sanitarios requiridos pola normativa vixente.
4. Facilitar o traballo dos servizos sanitarios oficiais que fosen precisos.

Artigo 11.º: Acreditación e identificación dos membros do Comité Organizador

Todos os cargos deberán estar acreditados e identificados en todo momento durante a realización do concurso, levando un documento acreditativo en lugar visible durante o desenvolvemento do evento. A realización do concurso comeza coa chamada a pista do primeiro animal e remata coa entrega dos premios do derradeiro animal.

Artigo 12.º: Xurado de Admisión:

Art. 12.1: É o encargado da admisión de exemplares e está formado por, como mínimo, o comisario do concurso, un número de persoas designadas por este en función do número de animais presentados e o veterinario oficial da Xunta de Galicia, se fora preciso. Examinará os puntos esixidos no artigo 16.

Art. 12.2: Outras funcións:

1. Rexeitar animais que non reúnan as condicións físicas e sanitarias requiridas, documentación e inscrición no Libro Xenealóxico.
2. Rexeitar animais que non poidan xustificar a súa da identidade cunha correcta lectura do microchip.

Artigo 13.º: Posibilidade de apelación

Ante calquera incidencia, un participante pode reclamar a decisión dos diferentes comités. Primeiramente, ante o Comité Organizador. Posteriormente, ante o COMITÉ DE APELACIÓN. Finalmente, se o concursante segue en desacordo poderá apelar á Xunta Directiva de PURAGA. Neste caso, terá que sufragar os gastos de axudas de custo dos membros, en caso de perda na súa alegación.

O comité de apelación estará formado polos mesmos compoñentes do Comité organizador aos que se lle engaden as persoas que concursan con menor e maior idade e os xuíces do concurso.

Artigo 14.º: Veterinario/a e ferrador/a

Recoméndase que o Comité Organizador conte cun equipo composto por un/unha veterinario/a e un/unha ferrador/a e os medios precisos para desenvolver do seu traballo.

Como mínimo, un dos membros do Comité Organizador deberá ser veterinario/a para poder garantir o ingreso de animais en perfecto estado de saúde.

Artigo 15.º: Inscricións

A inscrición dos/as concursantes realizarase da forma que en tempo e forma indique o Comité Organizador. Como mínimo, terán que aparecer consignados os seguintes datos:



1. Código REGA da explotación e nome da gandería.
2. Nome do animal e número do transpondedor electrónico ou microchip.



CAPÍTULO III: DOS EXEMPLARES E PRESENTADORES/AS

Artigo 16.º: Condicionantes dos animais presentados

Todos os exemplares que vaian ser presentados a un concurso morfolóxico deberán:

1. Estar en perfecto estado de saúde e cumprir os requisitos sanitarios esixidos polo Comité organizador; estes requisitos serán sempre, como mínimo, os esixidos pola consellería competente para este tipo de actividades.
2. Pasaporte de cabalo ou egua PRG correspondente ao seu microchip.

Os exemplares serán presentados seguindo as indicacións do/a Xefe de Pista e colocaránse segundo as súas indicacións, ou ben segundo a numeración do dorsal.

Os animais presentaranse en estación no centro da pista, ou onde o/a Xuiz Cualificador/a o considere. A continuación, o animal realizará movementos de paso e trote ou marcha. Estes movementos deben ser libres e sen tiróns continuos, de xeito que permitan valorar os movementos e harmonía xeral do exemplar.

Artigo 17.º: Condicionantes dos presentadores/as

Os/As gandeiros/as que decidan presentar os seus exemplares nun concurso comprométese a respectar e cumprir o disposto no presente regulamento esforzándose por contribuír á dignidade do certame e da raza, presentando os exemplares nas mellores condicións posibles.

Artigo 18.º: Imposibilidade de dirixirse as persoas encargadas da valoración

Os/As gandeiros/as non poderán dirixirse aos membros do Xurado Cualificador cando estean exercendo a súa función na pista.

Artigo 19.º: Responsabilidades dos/as gandeiros/as

Os/As gandeiros/as serán responsables de:

1. O nivel axeitado de doma e manexo dos animais
2. Das actuacións do persoal ao seu cargo
3. Da presentación dos exemplares nas categorías correspondentes
4. Acatar as decisións do Xurado Cualificador
5. Coñecer e cumprir o presente regulamento
6. Manter unha actitude de repeto polos outros concursantes e polos animais.



7. Comunicar o cambio de titularidade dun exemplar a PURAGA. Se durante o ano de competición algún dos exemplares participantes cambiase de titular, a súa clasificación non se vería afectada, conservando a súa puntuación en concursos oficiais anteriores.

Artigo 20.º: Incumprimento destas normas

O incumprimento das presentes normas poderá supor a eliminación dos exemplares presentados polos/as gandeiros/as.

Artigo 21.º: Obrigas das persoas que presenten PRG

Nas presentacións dos exemplares na pista as persoas que presentan os animais están obrigados a:

1. Atender as indicacións do/a xefe/a de pista.
2. Ter o control dos animais en todo momento, tanto dentro coma fóra da pista.
3. Conducir aos exemplares unicamente con cabezadas de presentación e ramal.
4. Empregar a vestimenta oficial descrita neste

regulamento. Queda prohibido e pode provocar a

expulsión:

1. Presentar un animal solto.
2. Calquera tipo de maltrato animal, tanto dentro coma fóra da pista.
3. Empregar calquera tipo de fusta, vara ou tralla para o manexo do animal. Só se permite o contacto lixeiro con fustas de pequeno tamaño.
4. Emprego de maquillaxe ou calquera outra modificación do fenotipo do animal.
5. Entrar e saír da pista sen permiso.
6. Dirixirse ao Xurado durante o concurso.
7. Manter actitudes de falta de respecto polo resto de participantes e os seus animais.

Artigo 22.º: Vestimenta oficial das persoas que presenten animais:

A vestimenta oficial das persoas que presenten os animais nos concursos morfolóxicos decabalos e eguas PRG consiste:

1. Camisa ou blusa de cor branca, preferiblemente de liño
2. Chaleco negro ou cincento, en tecido ou pana



3. Pantalón ou saia escuros a xogo co chaleco. O pantalón sempre por fóra das botas
4. Boina, viseira ou sombreiro de ala estreita e de cor a xogo co chaleco
5. Botas escuras

CAPITULO IV: DAS PERSOAS QUE XULGAN. DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 23.º: Formación, habilitación e homologación dos/as xuíces/zas

A responsabilidade de formación, habilitación ou homologación dos/as xuíces/zas corresponde a PURAGA, como entidade oficialmente recoñecida para a xestión do Libro Xenealóxico.

Artigo 24.º: Dereitos e obrigas dos/as xuíces/zas:

Son dereitos das persoas que xulgan:

1. Que se acaten as súas decisións dentro da pista.
2. Ser respectados/as na súa independencia á hora de xulgar.
3. Ser remunerados polo acordado co Comité Organizador en tempo e forma.

Son obrigas das persoas que xulgan:

1. Manter a independencia á hora de xulgar.
2. Xulgar respectando o patrón racial e o presente regulamento de concursos morfolóxicos.
3. Declarar todas as incompatibilidades nas que se atope inmerso, recollidas no artigo 26.

Artigo 25.º: Homologación dos títulos de xuíz/a

Cada ano, PURAGA, antes do primeiro concurso da temporada, homologará as persoas que xulgarán os concursos do cabalo e egua PRG.



PURAGA
Asociación de criadores
do cabalo de Pura Raza Galega

CAPITULO V: RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES DAS PERSOAS QUE XULGAN

Artigo 26.º: Incompatibilidades dos/as xuíces/zas.

Existe unha incompatibilidade por parte dun xuíz cando se pretende xulgar un animal que:

1. Foi vendido ou comprado polo xuíz, tanto coma propietario coma intermediario.
2. É propiedade total ou parcial do xuíz, dun membro da súa familia ou dun socio en negocios de animais.
3. Foi criado polo xuíz ou é propiedade dunha gandería na que traballa o xuíz.
4. Existe parentesco familiar entre o xuíz, o gandeiro e/ou o presentador ata segundo grao.
5. Se o xuíz participa no campionato galego oficial de concurso morfolóxico non poderá xulgar a posibles contrincantes do mesmo campionato, nin sequera en diferentes concursos morfolóxicos.



PuRaGa
Asociación de criadores
do cabalo de Pura Raza Galega

CAPÍTULO VI: DO XURADO CUALIFICADOR

Artigo 27.º: Composición:

O Xurado Cualificador para o concurso morfolóxico estará composto por un, dous ou tres xuíces, en función da categoría do concurso. Os xuíces sempre serán asignados por PURAGA, de dentro da listaxe oficial de xuíces cualificadores dese ano.

Artigo 28.º: Autoridade

En canto a materia de clasificación, o Xurado Cualificador é a máxima autoridade. Xa que, as súas decisións son inapelables.

Artigo 29.º: Comportamentos non permitidos nos/as xuíces/zas:

As persoas que xulgan non poderán realizar o s seguintes comportamentos:

1. Tocar os exemplares presentados.
2. Recibir ou dar indicacións concernentes aos exemplares, orixes ou resultados en concursos anteriores ou dos seus propietarios nin comentar entre eles as condicións dos exemplares para influír no ánimo doutro xuíz.
3. Presentar, montar, enganchar ou soste o ramal de animais inscritos no concurso.
4. O Xurado Cualificador poderá, logo do acordo co Comité Organizador e do consentimento dos/as gandeiros/as, facer pública a súa decisión explicando as diferentes puntuacións dos diferentes concursantes, unha vez rematada a clasificación.

Artigo 30.º: Esixencias dos/as xuíces/zas respecto da presentación

Durante o concurso e na súa clasificación, os xuíces poderán esixir a presentación dos exemplares na forma que máis conveña ao desempeño do seu labor, executando os movementos que os xuíces entendan necesarios dentro da pista de presentación.

Artigo 31.º: Sinatura das actas

As persoas que xulgan deberán asinar as actas que reflicten os resultados do concurso, clasificación dos diferentes exemplares e premios que lles corresponden. As actas deberán ser enviadas a PURAGA coa maior brevidade posible e sempre antes dun mes dende a realización do concurso.

CAPÍTULO VII: DAS CUALIFICACIÓNS

Artigo 32.: Fichas de valoración

As fichas empregadas na valoración dos exemplares concursantes deberán ter a estrutura da ficha de valoración achegada neste regulamento. A cubrición de cada ficha por parte dos xuíces é persoal e non deberá ser vista polos outros xuíces se os houbera.

Artigo 33.º: Da xestión das fichas de valoración:

As fichas empregadas na valoración dos diferentes exemplares deben ser cubertas sempre con bolígrafo. Débense avalar as modificacións coa sinatura do xuíz que a realizara, para o cal o xuíz deberá cubrir completamente o cadro onde pretende rectificar, cunha liña horizontal, anotando a nova puntuación ao carón do cadro en letra e asinando á mesma altura.

Unha vez completada a valoración do animal, a ficha entregárase na mesa do concurso e non poderá ser modificada a partir dese momento. No caso de existir unha puntuación omitida, deberá ser cuberta polo mesmo xuíz que cubriu a ficha.

Os titulares dos exemplares concursantes teñen dereito a recibir unha copia das valoracións dos seus exemplares, unha vez que rematou o concurso. Para iso, terá que solicitálo na mesa da organización cando remate a proba.

Artigo 34.º: Método a traveso do que se valoran os exemplares

Para valorar os exemplares, deberanse garantir unhas condicións óptimas de observación (luz, posición do animal...) e realizarase unha valoración morfolóxica por apreciación visual que se rexistrará na ficha de valoración. O resultado da suma dos puntos decidirá o resultado de cada exemplar e a súa clasificación.

No caso de presentarse un número de animais moi superior ao que o Comité Organizador considere funcional para o concurso, poderase eliminar un certo número de animais polo método da "roda", que consiste en pasar aos animais á pista en quendas e elimínase a proporción oportuna, sempre en función da decisión dos xuíces, xa que só eles poden tomar esta decisión.

CAPÍTULO VII: DOS PREMIOS E RECOÑECIMENTO DOS ANIMAIS GAÑADORES

Artigo 35.º: Seccións premiadas e cuantía dos premios

Os premios e a súa cuantía serán designados pola Comisión Organizadora en función da categoría do concurso e deberán de ser anunciados previamente ao comezo do concurso.

Artigo 36.º: Rexistro de Méritos

Os resultados dos exemplares que reúnan as características serán inscritos no Rexistro de Méritos do Libro Xenealóxico. Ademais, os resultados ata o terceiro posto das seccións concursantes reflectiránse no cadro correspondente das páxinas dedicadas a “PREMIOS OBTIDOS EN CONCURSOS OFICIAIS” nos seus pasaportes respectivos de cabalo ou egua PRG. Para isto empregaranse unicamente os cuños oficiais de PURAGA, sendo PURAGA, coma entidade recoñecida para a xestión do Libro Xenealóxico do cabalo de Pura Raza Galega, a única asociación legalmente autorizada para escribir neste documento.



ANEXO I:

FICHA DE VALORACIÓN:

<i>Concurso e data:</i>	
<i>Sección:</i>	
<i>Dorsal:</i>	<i>Clasificación:</i>

	PUNTOS
CABEZA	/10
PESCOZO	/10
CRUZ E COSTAS	/10
TRONCO E PEITO	/10
DORSO E LOMBO	/10
CRUZ DOS CADRÍS E COLA	/10
EXTREMIDADES E VERTICALIDADE DAS EXTREMIDADES	/10
HARMONIA XERAL E MOVEMENTOS	/10
CAPA E FIDELIDADE RACIAL	/10
COMPORTAMENTO E BELEZA	/10
PUNTUACION TOTAL	

<i>Nome do Xuíz:</i>	<i>Código do Xuíz:</i>	<i>Sinatura:</i>
----------------------	------------------------	------------------

